

# KLIMT ESCHIELE. EROS E PSIQUE

Michele Mally, 2018

# 535

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 3 e 4 de xuño | V.O.S.E. | +7

*Klimt & Schiele - Eros and Psyche* (2018, 95')

**Dirección:** Michele Mally

**Guión:** Arianna Marelli

**Participación:** Rudolf Buchbinder, Lorenzo Richelmy (voz), Alfred Weidinger

**Son:** Paolo Piccardo, Tommaso Zerbini

**Montaxe:** Valentina Ghilotti

**Fotografía:** Mateusz Stolecki

**Produtora:** 3D Produzioni, Nexo Digital (Italia)

**Distribuidora:** A Contracorriente Films

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA

*Appuntamento con la storia*, 2001

## SINOPSE

Documental que celebra a vida e obra dos austríacos Gustav Klimt e Egon Schiele ao tempo que busca conectar a sensibilidade destes dous grandes artistas coas revelacións que Freud fixo sobre a sexualidade nos albores do século XX.

«A visión artística e axitación representada nas pinturas de Klimt e Schiele comunicásenos con innegábel talento»

Camillo de Marco, CINEUROPA



**TEMPADA  
DE ARTE**

—  
**AS GRANDES  
FIGURAS  
DA ARTE  
NO CINEMA**

# 6

# KLIMT E SCHIELE. EROS E PSIQUE

Michele Mally, 2018

## “A Viena dos 20 marca a fin dunha época e o inicio dun novo século”

Entrevista con Michele Mally

Por Samantha de Martin

**Como nace a idea do documental total, no que a trama artística se entretrece coa arquitectura, a música e a danza da Viena de principios de século?** A ocasión xurdiu no centenario da morte de dous artistas, o deseñador Koloman Moser e o arquitecto Otto Wagner, que faleceron en 1918 con poucos meses de diferenza. A súa Viena, aquela cidade extraordinaria que durante trinta anos foi o motor creativo do mundo occidental, esa Viena agarimada polos vales de Johann Strauss e redeseñada pola burguesía capitalista, semellaba apagarse no remate da Primeira Guerra Mundial. O mesmo día da morte de Egon Schiele foi o da disolución do imperio Austrohúngaro. É a fin dunha época e o inicio dun novo século. Por iso con Arianna Marelli, que escribiu comigo o guión, decidín comezar o filme lembrando aquela noite, o 31 de outubro de 1918, na que nos deixa o artista. Para explicar o que teñen en común estes dous artistas visionarios contamos cos dous maiores eruditos en Klimt e Schiele: Alfred Weidinger, agora director do Museo de Leipzig, e Jane Kallier, autora de numerosos ensaios sobre os dous artistas antes da Secesión Vienesa.

**De que modo deches vida á forza disruptiva e revolucionaria deste tempo?** A obra de Klimt tense convertido nunha icona contemporánea. Hoxe en día vémosla en paraugas, abanos, cadernos, medias, pratos... Tentamos restaurar a súa forza revolucionaria orixinal, un desafío moi difícil. Procuramos revivir a Viena dese período, católico e conservador, e analizar en detalle algunhas obras do artista, desde *Judit I* até o *Friso de Beethoven*, fuxindo das análises exclusivamente estéticas.

**E en canto a Schiele? Que quixestes salientar no documental do artista?**

Mergullarse nos seus corpos retortos e esaxerados e nos seus sufridos autorretratos é como viaxar ás orixes do noso tempo. Por vez primeira un pintor espíuse, nun exercicio sen precedentes

que revela o lado máis escuro da alma ao tempo que cre no poder taumatúrxico da arte. O expresionismo de Schiele semella a décadas de distancia do primeiro Klimt. A empatía provocada no espectador por presenciar o espido do mestre é a forza que nos deu alento para a elaboración do filme.

**O erotismo é o fio condutor que percorre toda a historia ambientada na Viena benpensante, onde hai un gran temor e control sobre o sexo.**

Foron os anos de Freud e Schnitzler. Os movementos do inconsciente saen á luz con forza. Os impulsos eróticos, así como os impulsos de morte, convértense en abscisas e coordenadas de condutas, eleccións de vida, desexos reprimidos e prohibicións sociais. O gran teatro da vida vienesa convértese en teatro dos sonhos, das mentiras, do desexo. A sexualidade vira en subtexto da música (abonda pensar no *Salomé* de Richard Strauss ou a *Noite transfigurada* de Schoenberg), é protagonista da literatura e, obviamente, da recén nacida psicanálise.

**O filme é polifónico e tece de xeito harmónico arte, psicanálise, medicina, música e danza, reflectindo o fermento cultural da Viena da época. Foi difícil dirixir un coro con tantas voces?**

Xuntar a Mahler e Klimt, Freud e o novo Schoenberg, Gerst e Schnitzler non foi tan complexo. Eran caras da mesma moeda, protagonistas dunha época milagrosa. Nun café podías atopar a Freud ou a Fritz Lang, un mozo Wittgenstein ou Karl Kraus. Moitos dos que poden considerar os meus mestres frecuentaban os mesmos espazos, e moitos deles repousan nos cemiterios da cidade. Mentres paseabamos polas tumbas de Johannes Brahms e Johann Strauss, de Beethoven e Alfred Loos, levamos un ramo de caraveis. A verdadeira dificultade foi máis ben non tocar, polas limitacións da metraxe, as historias de Stefan Zweig, Hugo Wolf, Oscar Kokoshka, Josef Roth, Alma Mahler, Hermann Bahr, Hugo von Hoffmansthal. Por suposto que non son autores menores.

**Que une os diferentes niveis de narración?** Coido que o pegamento está na música vienesa, desde Mozart a Schubert, desde os vales a Mahler, mesmo o presente se expresa no extraordinario acordeón de Chistian Bakanic.

Publicado en arte.it  
Tradución: Xan Gómez Viñas

## TEMPADA DE ARTE AS GRANDES FIGURAS DA ARTE NO CINEMA

14 e 15 de xaneiro  
**Os nenúfares de Monet**  
(Giovanni Troilo, 80')

25 e 26 de febreiro  
**Van Gogh. Dos campos de trigo baixo ceos nubrados** (Giovanni Piscaglia, 70')

25 e 26 de marzo  
**Degas, paixón pola perfección**  
(David Bickerstaff, 85')

29 e 30 de abril  
**O mozo Picasso** (Phil Grabsky, 85')

6 e 7 de maio  
**Leonardo, quinto centenario**  
(Francesco Invernizzi, 90')

3 e 4 de xuño  
**Klimt & Schiele. Eros e psique**  
(Michele Mally, 90')

1 e 2 de xullo  
**Rembrandt** (Kat Mansoor, 97')



**MARTA XA TEN  
O SEU ABONO  
PROTEXE**

E ti, a que agardas para abonarte?



## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org